



NOTA DE PRENSA 25.02.09

A APDR, SÚMASE AO MOVEMENTO DE AFECTADOS, VECIÑAL E ECOLOXISTA DE MOAÑA NA DEFENSA DO PRINCIPIO DE CAUTELA, TRALO O ABANDONO MUNICIPAL QUE DETERMINOU A ELIMINACIÓN POLO TSXG DE TERMOS GARANTISTAS DA ORDENANZA MUNICIPAL DE ANTENAS.

Ante a incomparecenza do Concello de Moaña, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ven de ditar dúas resolucións ante os recursos contenciosos administrativos presentados polas compañías Telefónica Móviles e Vodafone contra a Ordenanza Municipal de Moaña que regula a instalación das antenas de telefonía móbil, anulando medidas proteccionistas coma a de separar as antenas a máis de 100 metros dos colexios. Os colectivos de afectados Colectivo de Afectados (de As Barxas e de Domaio, veciñais (As. VV. de Xeremelo e Federación de VV. A Chamusca), e ecoloxistas (Luita Verde e Asociación Pola Defensa da Ría); criticamos o abandono de funcións do concello moañés, e lle demandamos que recorra a decisión xudicial informándonos das resolucións, máis unha entrevista urxente co alcalde.

Trala resolución do Parlamento Europeo do 4 de setembro de 2008 que chama a cambiar os límites actuais de exposición aos campos electromagnéticos por non garantir a saúde da poboación (especialmente dos grupos máis vulnerábeis); dende a APDR entedemos que os concellos teñen potestade para dispoñer normas de cautela na aplicación do artigo 42.3 da Lei Xeral de Sanidade (RCL 1986, 1316, sen prexuízo algún das competencias das demais Administracións Públicas.